

Profesores en formación e innovación educativa

□ EDUARDO X. FUENTES ABELEDO

O suplemento educativo "Na Escola", coordinado por profesionais que imparten docencia tanto nos niveis universitarios como non universitarios, remata con este número a súa publicación no curso 1991-92.

Para nós, o Suplemento "Na escola" é unha canle de comunicación, básicamente entre todos aqueles interesados en cuestións e temáticas educativas. Un aspecto relacionado cos traballos e experiencias publicados ata o de agora, nos chama poderosamente a atención: os profesores en formación inicial non "utilizan" as páxinas deste xornal para manifestar as súas inquedanzas, problemas e actividades... ¿Qué pensan dos temas educativos os que se están formando como docentes? ¿Non realizan experiencias que poidan ser expostas para o debate?

Dende o noso punto de vista, os centros de formación inicial de profesores, deben entenderse como centros de innovación e investigación educativa, potenciadores dun papel activo e crítico dos seus alumnos.

E importante que as propias Escolas de Maxisterio sexan "bancos de ensaio" para o deseño, experimentación e avaliación curricular no marco de procesos de investigación cooperativos, para a creación dun clima escolar favorable á indagación constante e á reflexión sobre o mundo educativo. Como se afirmou xa dende hai tempo, os profesores non aplican os métodos que lles predicán, senón os métodos que lles aplican. Conven, xa que logo, que

os estudantes para docentes, experimenten como alumnos diferentes estratexias de ensino-aprendizaxe, sexan conscientes da súa socialización profesional, e xa dende as aulas de Maxisterio, adquiran unha cultura profesional que entenda o ensino como investigación e o diálogo profesional como unha constante, tal e como se defende hoxe, mesmo dende o discurso oficial da reforma.

Un ámbito ó que se lle presta pouca atención na formación inicial dos docentes, é o relacionado coas tarefas de traballo en equipo dos profesores, e en xeral, coa planificación, execución e avaliación das actividades nas que deban implicarse un grupo de persoas.

Pensamos que en función das novas esixencias de deseño curricular en equipo (elaboración dos Proxectos Curriculares do Centro, por exemplo), así como doutras tarefas a desenvolver nun centro docente, resulta imprescindible que estas cuestións se aborden nas Escolas de Maxisterio galegas.

Por tanto, é preciso xenerar situacións nas que os profesores en formación deban aprender a tomar decisións compartidas, e a analizar e reflexionar colectivamente sobre as experiencias. Nos traballos que veñen a continuación preséntase e coméntanse algunhas desas "situacións" vividas na Escola de Maxisterio de Lugo.

Esperamos que tamén outros profesores en formación se animen o curso que ven a comentar as súas experiencias neste Suplemento. Ata setembro.

Introducción

"Quen nos diría a nós que a escola dos nosos pais nos interesaría tanto agora no 91"

Os alumnos de tercer curso da Escola de Maxisterio de Lugo da especialidade de Preescolar empezamos a traballar o tema da "Escola como organización", dirixidos polo profesor Eduardo da materia de "Organización Escolar".

Despois de ser entregada a información pertinente ó tema, propúxose a primeira actividade que consistía en analiza-la orixe da escola e a súa evolución. Fixemos unha recolleita de datos cun modelo de entrevista a facer os nosos pais e avós baseado nos seguintes puntos:

- Edificios e construcións escolares.
- Mobiliario e equipamento escolar.
- Libros e material didáctico
- Ordenación do profesorado.
- Programa de organización escolar.

Como resultados encontrámonos cun reflexo moi vivo da esco-

la dos nosos pais e avós, do que significou para eles. O mesmo tempo vimos a súa evolución, e o cambio que sufriu ata hoxe o noso país.

Propúxose a continuación, unha segunda actividade que consistía en reflexar toda a información recollida de maneira axeitada para mostrarlles ós máis pequenos a diferenza ente a escola de hoxe e a de antes.

O traballo fíxose en grupo expúxose primeiro ante os demais compañeiros, e logo organizámonos todo o grupo-clase, repartindo as tarefas entre os distintos equipos, unha exposición para toda a Escola de Maxisterio.

Informe

Neste número do Suplemento de "Na Escola" presentamos en primeiro lugar, un breve informe sobre os resultados da investigación sobre a escola dos nosos pais, información gráfica sobre algúns dos traballos expostos e realizados polos alumnos e unha parte dos resultados da avaliación interna sobre o proceso seguido e unha avaliación externa en función das opinións de persoas que viron a exposición realizada cos mencionados traballos dos alumnos.

"Como resultado encontrámonos cun reflexo moi vivo da escola dos nosos pais e avós, do que significou para eles"

Actividades a realizar na clase de inglés no "Día das Letras Galegas"

□ 2.ª SESIÓN

Boulding Up a Proverbs

- **Objetivos:**
 - Interrelacións na lingua galega e a inglesa.
 - Favorece-lo traballo con grupos multivalentes.
- **Nivel:**
 - Principiantes (A1)
 - Intermedio (A2 - B1)
- **Punto lingüístico:** especificado en cada actividade.
- **Destrezas:** especificadas en cada actividade.

- **Materias:** especificadas ó comezo de cada actividade.
- **Procedemento:** As actividades faranse ó longo do semáforo.
- **Secuenciación das actividades:**
 - 1.ª sesión: Warm up e Finding out phonetic similarities.
 - 2.ª sesión: Boulding up a proverb; who is who; crossword e magic word square.
 - 3.ª sesión: Word-ladder; words from words; bilingual bingo; pair work.

- **Nivel:** principiante e intermedio.
- **Punto lingüístico:** vocabulario coherente.
- **Destrezas:** Comprensión e expresión escrita.
- **Agrupamento:** gran grupo.
- **Materias:** fotocopia coas pistas.
- **Procedemento:**
 - Intermedios: os alumnos deben usa-las pistas dadas para descubrir un retrán galego, que formará coas incisas das palabras resultantes.
 - Principiantes: empréganse pistas máis sinxelas para obter polo mesmo procedemento os apelidos do alumnado. Poden aparecer desordenados algúns debuxos que f'actren as pistas.
 - Tempo: 15 minutos.

1.ª SESIÓN

Warm Up

O profesor solicitará dos alumnos que lleas culturas teñen lugar no día de maio. Por que se celebra en maio o Día das Letras Galegas? Revis de Warm Up o profesor busca que o alumno se questione por que se introduce o galego na clase de inglés, e aporte posibles razóns.


Finding out phonetic similarities

Nivel: Principiantes e intermedio.
Punto lingüístico: fonética e vocabulario.
Destrezas: escoitar, falar, escribir.
Materias: poema de Bouda Grey ("Nocturno").
Tempo: 40 minutos.
Procedemento: dáda unha poesía de Bouda Grey pediráselle os nomes seleccionados as palabras que contengan o son /r/. Os alumnos se pode facer cos diplogos /rr/ /ou/ /oi/ /ai/ etc. Unha vez se os alumnos enumeran palabras tales como se agurte, pídeselle que evocan palabras inglesas que contengan o son /r/ e quecrian unha lista coas mesmas. Confeccionada a lista poder dar se a un pair-work con tres niveis de dificultades: abric.
Indica: da nenez a melodia?
Un note das harmonías reais: iso quero despertar E con amigos.
Se mundo mundo das mulleres nas que dende o seu-ceu mantám consolos con sabe Deus que laos e que ais. estes gándos coos. dumentame más. is, que se chega o día. pouguando as simidad estreas. mas ranchando o apurte que eu tangua!
Un membro da parella extrae da súa lista unha palabra que anotará e se visto nun ataco de papel. O seu compañeiro tratará de adiviñala mediante preguntas tales como: Is it an animal? Is it an...? What colour is it? etc.



Un membro da parella describe a palabra -cor-, tamaño, forma.


O Suplemento "Na Escola" remata con este número a súa publicación no presente curso 1991-92



Fixose una recolleita de datos a través dunha entrevista a pais e avós.

□ ALUMNOS

Redactaron este traballo os alumnos de terceiro:
Conchita González Lamelas
Inés López Pérez
Manuel López Rodríguez
Raquel Moreno Pérez
Paz Ojea Ojea
Ana I. Linares Rodríguez
Inés Llanes Fernández
Belén García Vázquez
Isabel Sobrado Farelo
Diana Soto Lucas
Estrella Valcárcel González
Celia Vilariño Quiroga



Cos traballos dos alumnos realizouse unha exposición.

O resultado da investigación sobre a escola dos nosos pais e avós

□ "A escola dos nosos pais e avós era sexista"

Propuxémonos facer unha recollida de datos sobre diversos aspectos da escola de antes. A idea inicial xurdiu do noso profesor, que nos fixo unha proposta para que recolleramos información sobre a escola dos nosos pais ou avós. Nós temos nas nosas mans os traballos realizados polos nosos compañeiros e co material, imos describir moi brevemente como era a Escola dos nosos pais e mesmo dos nosos avós.

Ainda que non se pode falar de edificios tal e como o entendemos agora, podemos distinguir dous tipos distintos: os pertencentes ás escolas privadas e os integrantes na rede pública.

Na maioría dos casos que revisamos, á escola pública tiña un edificio, de planta baixa e sen ningún tipo de acondicionamento. Non tiña calefacción, nen servizos. Normalmente o edificio só contaba cunha aula onde estaban xuntos tódolos nenos e nenas que ían á escola.

No caso da escola privada, temos que facer unha aclaración. Este tipo de escola denomínase así porque os nenos para asistir a ela, tiñan que pagar, pero non estaba legalizada, por eso a persoa que impartía docencia podía ser un mestre/a ou simplemente unha persoa que sabía máis que as outras, non tiña por que ter ningún certificado de estudos. Este tipo de clases impartíanse normalmente na casa desa persoa, nunha habitación ou tamén na cociña, xa que normalmente era onde facía máis calor no inverno.

A escola privada tal e como a entendemos hoxe, constaba duns edificios apropiados con diversas aulas.

Estas escolas estaban normalmente rexidas por monxas ou curas, e eran masculinas ou femininas.

Estes casos son mínimos porque a maioría dos traballos recollidos fan referencia á escola rural.

O mobiliario era moi escaso. Normalmente os pupitres eran

para dous, as mesas eran de madeira e cunha inclinación hacia diante. Nesas mesas, moitas veces había un tinteiro. A mesa do mestre era máis grande. Ás veces nas aulas tiñan unha tarima para que o mestre poidera dominar tódolos ángulos da clase. A aula tiña un encerado e un crucifixo e fotos de Franco e Xosé Antonio.

En canto ó material, para escri-

Os libros máis utilizados eran o silabario e as tablas

En algúns casos os nenos máis grandes axudaban ao profesor

bir os nenos usaban unha pequena pizarra cun pizarrillo, ás veces tamen escribían en papel cun lápiz.

Os libros máis utilizados eran o silabario, para aprender a ler e as tablas para aprender as catro regras. Tamén se usaba o Catón, O Quixote e unha enciclopedia que resumía tódalas asignaturas.

A escola era de carácter unitario, o que quere dicir que nunha mesma aula estaban tódolos nenos e nenas que ían á escola, non había diferenciación de anos, polo tanto só había un mestre que era o que se encargaba de impartir tódalas asignaturas.

Axudar o profesor

Nalgúns casos, os nenos máis grandes e avanzados axudaban ó mestre cos máis pequenos. Eran características as visitas do Inspector. Cando isto acontecía os nenos eran obrigados a ir á escola máis limpos. O Inspector


facía preguntas que respondían os alumnos máis avanzados. Valorábanse a orde e a disciplina máis que os contidos propiamente de aprendizaxe.

Os nenos cando ían á clase, cantaban o "Cara ó sol" e rezaban ás mañás ó entrar, e ó saír, e tamén polas tardes.

Os contidos impartidos na escola tiñan un carácter relixioso e político moi marcado. A disciplina ríxida e a orde eran cuestións moi importantes e que non se descoidaban. Os obxectivos dos alumnos que ían á escola non eran outros que os de aprender a ler e aprender as catro regras. Debido ós tempos que corrían naquela época, que se pode situar entre os anos cuarenta e os sesenta, os contidos relixiosos e políticos, estaban presentes na escola e en tódolos ámbitos da vida social. Por ese motivo era importante levarse ben co cura, e se o mestre era unha persoa con influencia no pobo, tamén con el. Nalgúns casos se os pais dos nenos non tiñan a reputación adecuada, os nenos podían sufrir represalias na escola.

Os castigos eran moi frecuentes e podían ser de varios tipos: de xeonllos con areas debaixo, ou cos brazos en cruz e libros neles, ou ben o mestre pegaba ós nenos cunha regra ou coas mans.

Os horarios das clases podían



Os castigos eran moi frecuentes e podían ser de varios tipos.

ba, era case sempre por razóns xustificadas, como ter que traballar para axudar na casa ou por enfermidade.

Os recreos, podían existir ou non, dependendo dos horarios das clases, pero non estaban establecidos.

cuestións que superar, aínda que hai algúns aspectos que afortunadamente se melloraron, pero aínda hai moitas cousas que se poden cambiar.

De tódolos xeitos, hoxe en día a escola ten problemas propios e aínda que, evidentemente, está moi influenciada pola sociedade e ten algunhas características semellantes ás demais organizacións, chegamos a conclusión de que posee uns rasgos propios que a diferencian doutro tipo de organizacións. Pero éste é xa outro tema que podemos comentar noutro traballo.




Os contidos impartidos na escola tiñan un carácter relixioso e político moi marcado

variar. En verdade tiñan un horario de mañá e tarde. Cando a escola quedaba lonxe da casa, os nenos xantaban cerca de alí, xa que non había comedor. Noutros casos, os nenos acudían á escola ás noites cando acababan de axudar ós seus pais nos labores do campo. A asistencia á escola non era diaria, e cando se falta-

A escola dos nosos pais era sexista e cuns valores que non tiñan en moitos casos nada que ver con obxectivos educativos.

Pensamos que a escola non era o único ámbito con problemas, senón que se correspondía coas características do contexto político e social español da época. Agora a escola ten moitas

Redacción dos traballos: Conchita González Lamelas, Inés López Pérez, Manuel López Rodríguez, Raquel Moreno Pérez, Paz Ojea Ojea, Ana Isabel Linares Rodríguez, Inés Llanes Fernández, Belén García Vázquez, Isabel Sobrado Farelo, Diana Soto Lucas, Estrella Valcárcel González, Celia Vilariño Quiroga.



Na actualidade os alumnos de Maxisterio de Lugo que presentamos estes traballos, temos moi claro que é preciso avaliar criticamente todo o proceso seguido, reflexioar sobre o que se fixo, pensar alternativas.... Tra-la recollida de datos sobre a escola dos nosos pais, a elaboración de murais, libros para nenos, unidades didácticas, e outros traballos que inicialmente presentamos cada grupo ante os nosos compañeiros de clase, e logo ante tódolos membros da Escola de Maxisterio a través dunha exposición e dunha sesión específica para explica-lo contido da mesma, cremos preciso facer unha análise do sucedido. Un dos aspectos, é o acontecidos nos distintos grupos de traballo formados e que desempeñaron diferentes funcións: coordinación, información, preparación de material de exposición, etc...

A avaliación interna

O noso equipo deseñou os instrumentos e o proceso para a avaliación. Despois, de pasar unha enquisa ós grupos e analiza-los datos obtidos, presentamos as nosas conclusións.

Cuestións da enquisa:

• ¿Cómo xurdiron as ideas para traballar?

• ¿cómo se entenderon as cuestións iniciais plantexadas na asamblea?

• ¿Cómo vos plantexáchedes a recollida de datos?

• ¿Cómo vos organizáchedes para traballar?

• ¿Houbo debate no interior do grupo?

• ¿Xurdiron problemas, impedimentos?

• Se houbo conflitos, ¿cómo os resolvíchedes?

• Fixéchedes unha posta en común dos puntos recollidos? ¿Cómo se levou a cabo? ¿Cambiáchedes alguna cousa tra-lo contraste de ideas?

• ¿Qué quixéchedes reflexar na exposición?

• Despois da exposición dos grupos na clase; ¿cómo replanteáchedes a actividades?

• En xeral, ¿cómo valorades agora a proposta do profesor?

• En xeral, ¿que opinades do traballo en equipo?


Conclusións. Para empezar podemos decir que o sentimento xeral dos alumnos era de certo "agobio". Pensamos que nós non temo-la culpa. Estamos afeitos a coller apuntes e despois plasmarlos nos exámes sen sacar nada en limpo. E preguntámonos: ¿Esta é a verdadeira formación dun futuro mestre? ¿Pensamos co ensino e transmitir o que nos están transmitindo a nós, alumnos pasivos sentados nas sillás en busca de información? ¿qué pasa, queridos mestres, cos procedementos e actitudes que coa LOGSE temos que levar ós nosos nenos

"Temos que cambiar moitas cousas, de feito podemos conseguir unha escola mellor se a nosa formación é adecuada"

sen telo vivido nós?

Cambiar moitas cousas

Desde o noso punto de vista temos que cambiar moitas cousas; de feito podemos conseguir unha escola mellor se a nosa formación é adecuada. Senón, a formación das futuras xeracións vai



"O tema era facer un traballo sobre a escola dos nosos pais".

seguir sendo a mesma, aínda que haxa moitas leis.

Outra das dificultades que atoparon os grupos foi organizar a actividade. Chegado a este pun-

to, parece irónico que tendo case o título de futuros mestres, non sabemos nin cómo empezar un traballo en equipo. ¿Qué imos facer cando teñamos a sorte de chegar a un colexio? posiblemente sigamos coa tradición na escola: traballo na aula e fora calquer tipo de colaboración.

Coordenador

Normalmente a organización do grupo consiste en ter un coordinador que dirixa a actividade, logo repartense as tarefas e como sempre, houbo xente que "escaqueou", e quizáis por iso se renegue de facer traballos en grupo.

O que en principio podía ser un inconvinte, tivo as súas ventaxas. O tema era facer un traballo sobre a historia da escola dos nosos pais, non se sabía nin que facer nin cómo plasmarlo. Pode que o profesor tentara deixarnos

A avaliación externa

A hora de facer un balance sobre o resultado da exposición feita polos alumnos de terceiro de Maxisterio, guiámonos polas entrevistas feitas ás distintas persoas despois de que éstas observaran esta exposición.

En xeral, os resultados foron satisfactorios, existindo discrepancias nalgúns puntos. A maioría dos encuestados, coincidían en que a exposición era moi orixinal, e sobre todo interesante.

Este interés, viña provocado porque reflexaba dunha maneira clara, sinxela e amena a diferenza da escola dos nosos pais coa escola actual, ademáis, de axudar a formar unha idea crítica de como debe ser a escola.

Orixinalidade

O que máis gustou da exposición foi a orixinalidade e os materiais recollidos, recoñecendo o esforzo feito.

Esta exposición nun principio ía dirixida ós nenos, pero ante a imposibilidade de levar isto a cabo, expúxose en Maxisterio para que os futuros profesores tivesen unha visión de como era a escola antiga e poidesen transmitila ós nenos.

Cremos poder calificar esta experiencia como positiva, tanto a nivel de realización, como de exposición, aínda que pensamos que existiron bastantes lagoas debido a que era a nosa primeira experiencia neste campo.

Agradecemos a colaboración prestada tanto por parte do noso profesor de Organización Escolar como por parte da Escola de Maxisterio.

"Parece irónico que tendo case o título de futuros mestres, non sabemos nin cómo empezar un traballo en equipo"

"Si non se intenta nunca imos cambiar de método"

libres para desenrola: a nosa imaxinación e creatividade que se supón que como "mestres de preescolar" temos que ter.

Outro dos pensamentos dos grupos se plantexaba "como ter contento o profesor". Ademáis as súas propostas foron entendidas de distinto xeito, así que cada grupo foi por onde lle conuiu.

Por fin chegou o momento da exposición e temos que decir que non todo foi negativo. A pesar das dificultades para organizarnos as cousas saíron bastante ben, mellor do que se esperaba. A experiencia resultou enriquecedora, incluso poidemos coñecer as ideas dos nosos compañeiros e apreciar os traballos dos demais.

Resultado

O resultado foi variado xurdiron desde programacións sobre a historia da escola, hasta contos, maquetas, diarios a base de recortes...

A pesar de moitos lamentos que manifestamos, cremos que ó final foi unha mostra de que cando a situación o permite, pódese desenrolar a creatividade. O que está claro e que si non se intenta, nunca imos a cambiar de método.

Redactaron este traballo os alumnos de terceiro:

Conchita González Lamelas
Inés López Pérez
Manuel López Rodríguez
Raquel Moreno Pérez
Paz Ojea Ojea
Ana I. Linares Rodríguez
Inés Llanes Fernández
Belén García Vázquez
Isabel Sobrado Farelo
Diana Soto Lucas
Estrella Valcárcel González
Celia Vilariño Quiroga



O que máis gustou da exposición foi o material recollido.

NOVA

III Encontro de Experimentación e Innovación Educativa

A Asociación Cultural "Escola Crítica", el M.R.P. "Escola Viva", el departamento de Ciencias Experimentales da Universidade de A Coruña, o Seminario Permanente de Formación Dinámica, o Axuntamento e a Diputación de A Coruña, ante a necesidade que a dinámica social impón sobre a formación dos profesionais da Educación para acercarse a realidade social máis progresista convocan o "III Encontro de Proxectos de Experimentación e Innovación Educativa", en A Coruña do 7 ao 11 de setembro.

□ TIRA

Para contribuir ao debate necesario sobor da polémica xornada continuada no ensino expoñemos a continuación un documento elaborado pola Convergencia Intersindical Galega (C.I.G.) e que foi remitido a todos os Movementos de Renovación Pedagóxica, APAS, Asociacións de Alumnos/as e distintos sindicatos para a súa discusión.

A xornada continuada

□ Documento elaborado pola Convergencia Intersindical Galega (C.I.G.)

No necesario estudo das distintas modalidades de Xornada Escolar a implantar deben estar moi presentes as distintas perspectivas da Comunidade Educativa e da sociedade en xeral co ánimo constructivo de atopar a mellor solución para o ensino na Galiza, entendido este como un servizo público, evitando a diminución dos indicadores de calidade, discriminacións e desigualdades que pudesen derivarse ou intencións políticas de carácter privatizador da oferta educativa.

Nos últimos anos o debate sobre a xornada continuada, deu lugar a distintas iniciativas dentro das que cabe destacar unha circular da Consellería de Educación pola que se dictaban instrucións para o curso 87-88, que contemplaba a posibilidade de adoptar a xornada continuada.

Actualmente o marco legal impide incremento o número de centros experimentais sobre a Xornada Continuada, sen embargo durante o presente curso, permitiu-se de xeito irregular e clientelista que varios coléxios implantaran esta modalidade sen o preceptivo informe favorable do ICE.

O actual modelo de xornada partida, en sesións de mañán e de tarde, para alumnos e profesores, non é nen o único razoable, nen o mellor de entre os posibles. Outras experiencias de Xornada Escolar no contexto europeo que o modelo vixente na Galiza e no Estado pode ser mellorado.

Existen poderosas e sobradas razóns pedagóxicas e laborais para proceder a unha reflexión social —que sobarda o estricto

ámbito docente— sobre a conveniencia e condicións para unha posíbel modificación de xornada vixente.

Os horarios escolares dos alumnos e alumnas non deben ser iguais para todos os niveis. As distintas idades esixen tratamentos diferenciados. Non se pode confundir o horario lectivo dos docentes co presencial no centro, co do alumnado ou mesmo co de apertura e peche dun centro educativo que en ningún caso teñen porqué ser coincidentes.

A posíbel implantación da Xornada continuada non pode aco-

O modelo adoptado debe ser o mesmo para centros públicos e privados

meter-se con criterios económicos de aforro ou supresión de servizos complementarios, senón co obxectivo expreso de mellorar a calidade, dotar aos centros de novos e mellores recursos. Tampouco pensamos que deba estar condicionada polo deseño da futura rede de centros e a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, polo contrario debe ser un elemento transcendental na mellora das condicións de traballo, como unha fórmula para afrontar as crecentes demandas de formación continuada dos profesores e para atender dignamente labores educativos de enorme importancia como son, entre outras, a prepa-



Os horarios escolares non deben ser iguais para todos os niveis.

ración de clases teóricas e prácticas, a atención tutorial, etc.

O modelo de xornada polo que se opte debe ser de aplicación por igual aos centros públicos como aos concertados xa que en ambos os dous casos están financiados públicamente e dependen da Consellería de Educación que está obrigada a unificar as condicións educativas dos centros da súa competencia.

Requisitos mínimos

Desde a nosa perspectiva as condicións para unha progresiva implantación racional da Xornada Continuada deben tender a garantir o seu carácter universal e unhas requisitos mínimos sen que en modo algún signifique a desaparición de servizos complementarios existentes como son comedores e transporte escolar, imprescindibles na maioría do país. Por todo isto, en defensa da educación e do noso estatus profesional a CIG defenderá para a implantación dunha xornada continuada, as seguintes condicións na súa aplicación:

1.— Un pronunciamento público da Xunta de Galiza a través da Consellería de Educación sobre a necesidade de modificación da Xornada Escolar.

2.— Reunión urxente cos sectores implicados, sindicatos, MRP, organizacións estudiantis e APAS para decidir as condicións que


debe cumprir a Xornada Escolar na Galiza. O modelo acordado será trasladado aos diferentes ámbitos de negociación para a súa posterior tramitación legislativa con rango de Lei.

3.— Promoción dunha campaña pública, avalada polos estudos pertinentes, onde se resalten as melloras que supón a adopción desta medida para a formación integral do alumno e o seu rendemento académico.

4.— A decisión de implantar a Xornada continuada debe, por suposto, englobar a totalidade do ensino: tanto educación primaria e infantil, como ensinos medios.

5.— A administración garantizará a prestación dos servizos complementarios, en mellores condicións que na actualidade, suprimindo en todo caso a dobre dos servizos de transporte escolar. O servizo de comedor manterase nos centros onde actualmente existe. Nos demais, a Consellería deberá iniciar un plan de implantación deste servizo, cuos prazos serán negociados coas organizacións sindicais do sector.

6.— A Administración Educativa garantizará para todo o alumnado sen excepción, a asistencia as actividades formativas gratuitas que necesariamente a Administración debe organizar en horario de tarde, cos medios necesarios, con cargo aos seus presupostos e con persoal específico.



Fomento da lectura no C.P. "Virxe de Covadonga"

Este foi o segundo ano que o C.P. "Virxe de Covadonga" participou na campaña de fomento da lectura promovida pola Consellería de Cultura.

Para participar hai que presentarse a unha convocatoria que ten lugar a finais de curso.

Xa comenzo o curso cóñecense os coléxios seleccionados (un total de 100) e a Consellería de Cultura envía un lote de libros para a biblioteca de cada un dos coléxios participantes: libros para os alumnos/alumnas de cada un dos cursos e mesmo otro material como pegatinas, chapas..... Ademais a Consellería de Cultura tamén programa outras actividades como o Concurso Literario de tema libre en galego.

Dito concurso celébrase en primeira instancia a nivel de centro, entregándose un premio por ciclo. Estes traballos de cada centro envíanse a Santiago onde se realiza a fase a nivel de toda Galicia. Este curso o segundo premio a nivel de Galicia foi para unha alumna de Ciclo Medio que cursa 4º de EXB no noso centro, Marta Fernández López.

Outras actividades realizadas dentro desta campaña de fomento da lectura é o encontro dos rapaces e rapazas cun escritor galego co que poderán conversar.

Polo que respeta a programación que estamos a desenvolver este ano no centro poderíamos salientar:

- Lectura dun mínimo de dous libros dun xeito colectivo, adicándolle unha hora á semana da clase de galego, realizando actividades de expresión oral, escrita, dramatización,.... relacionadas co texto lido.

- As alumnas e alumnos confeccionaron carteis nos que inventaron slogans para animar ós compañeiros e compañeiras á lectura.

- Funcionou a biblioteca en réxime de préstamo durante os recreos para que as rapazas e rapaces puideran coller libros para ler na súa casa. O remate da súa lectura han de cubrir unha ficha na que ten que responder a distintos aspectos relacionados coa lectura que fixeran.

AGUSTIN LAGOA FRAGA
(Coordenador)

Elaborado por:

Nova Escola Galega

Coordenan este número:

David Cortón

Eduardo Fuentes

Mercedes González

Humor:

Beatriz Sarria

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

